

PROGRAMACIÓN DO MÓDULO 10

TÉCNICO SUPERIOR EN ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS
E DEPORTIVAS

ACTIVIDADE FÍSICA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO. CURSO 2017-2018
PROFESOR: MANUEL XESÚS MARQUE MARQUE

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Relación das unidades didácticas que integran a programación	4
3. Obxectivos xerais	5
4. Secuenciación dos obxectivos xerais para este módulo	6
5. Bloques de contidos	6
6. Partes do módulo	8
Unidade didáctica 1: Conceptos e historia da discapacidade	8
Unidade didáctica 2: Tipos de discapacidade	9
Unidade didáctica 3: Características psicoafectivas dos discapacitados ..	11
Unidade didáctica 4: Barreiras arquitectónicas e accesibilidade	13
Unidade didáctica 5: Bases da programación de A. F. para discapacitados	14
Unidade didáctica 6: Praxe de actividade física adaptada	16
Unidade didáctica 7: Xogos e deportes para discapacitados	18
7. Avaliación inicial	20
8. Criterios de cualificación e mínimos esixibles	20
9. Faltas de asistencia e perda do dereito á avaliación continua	21
10. Medidas de reforzo educativo e plan de actividades de recuperación	21
11. Metodoloxía didáctica	21
12. Atención á diversidade e educación en valores	22
13. Actividades complementarias e extraescolares	22
14. Autoavaliación	23
15. Memoria do curso anterior	23

1. INTRODUCCIÓN

A actividade física e o deporte para persoas con discapacidade é un campo moi ambicioso con grandes posibilidades de desenvolvemento en ámbitos moi diversos, especialmente no educativo, terapéutico, competitivo e de lecer e tempo libre. Supón un reto afrontar dende o módulo a complexidade que supón o descoñecemento por parte do alumnado do mundo da discapacidade. Esa complexidade transfírese aos espazos que se han de empregar. O uso alternado da aula con salas polivalentes cubertas, así como espazos exteriores anexos ao centro e pistas de atletismo, enriquece o proceso e estimula a aprendizaxe. Os medios audiovisuais, o material propio de apoio en colaboración con centros de atención a discapacitados, o descubrimento in situ das características sociais e de comportamento dos distintos tipos de discapacitados, facilitan a aprendizaxe dos contidos conceptuais do módulo.

Pretendemos proporcionar ao alumnado os recursos metodolóxicos e prácticos para afrontar a diversidade das persoas con discapacidade ante a actividade física, ou, se for o caso, deportiva, empregando os modelos establecidos pola «actividade física adaptada» no seu concepto máis actual, en especial o achegamento á práctica real.

O módulo asociado á unidade de competencia número 10, que figura no documento base do título, pretende proporcionarlle ao alumnado as capacidades suficientes para programar, ensinar e dinamizar actividades básicas relacionadas con persoas con distintos graos de discapacidade, dende unha atención a esa diversidade de capacidades.

Forma parte do Ciclo Formativo Superior, cunha carga horaria de 65 horas repartidas no primeiro e segundo trimestre do curso.

2. RELACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS QUE INTEGRAN A PROGRAMACIÓN

Unidade 1. CONCEPTOS E HISTORIA DA DISCAPACIDADE

Aproximación terminolóxica á discapacidade. Concepto de «minusvalía». Diferenzas entre *deficiencia*, *discapacidade* e *minusvalía*. Antecedentes históricos da discapacidade. O modelo da prescindencia, submodelo euxenésico e da marxinação. O modelo rehabilitador. O modelo social. O papel da Igrexa diante da discapacidade ao longo da historia.

Unidade 2. TIPOS DE DISCAPACIDADES

Descrición e análise dos distintos tipos de discapacidade. Discapacidades psíquicas. Graos de discapacitados psíquicos. Autismo. Cromosomopatías. Síndrome de Asperger. Discapacitados sensoriais. Discapacitados visuais e auditivos. Discapacitados físicos ou motores. Parálise cerebral. Hemiplexía. Tetraplexía. Espiña bífida. Miopatías.

Unidade 3. CARACTERÍSTICAS PSICOAFECTIVAS DOS DISCAPACITADOS

Implicacións das deficiencias no mundo educativo e, en concreto, na educación física. Distintos xeitos de acometer a aprendizaxe en individuos con necesidades especiais. Lexislación española en materia de integración.

Unidade 4. BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

Lexislación actual en barreiras arquitectónicas en España. Distintos tipos de barreiras. As barreiras na cidade de Santiago.

Unidade 5. BASES DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS PARA DISCAPACITADOS

Características especiais de cada tipo de discapacidade. Obxectivos. Contidos adaptados. Metodoloxía. Avaliación do proceso.

Unidade 6. PRAXE DA ACTIVIDADE FÍSICA ADAPTADA

Programación e posta en práctica de sesións de traballo para distintos grupos de discapacitados e con distintos obxectivos, adaptando a metodoloxía ás características do grupo.

Unidade 7. XOGOS E DEPORTES PARA DISCAPACITADOS

O deporte como vía de integración do discapacitado. O deporte para discapacitados en España. O deporte olímpico.

3. OBXECTIVOS XERAIS

- Confeccionar e pór en práctica programas de ensino-animación de actividades físico-deportivas para persoas con discapacidade, tendo en conta o tipo e grao de discapacidade e as condicións en que se realizan.
- Coñecer a lexislación vixente aplicable á seguridade e hixiene en espazos deportivos así como manexar os procedementos de prevención de accidentes en persoas con discapacidade que fan exercicio físico.
- Caracterizar a profesión de animador de actividades físico-deportivas, contextualizándoa nos ámbitos de intervención social, ocio, recreación e terapéutico.
- Coñecer e diferenciar as principais discapacidades de tipo sensorial, físico, psíquico e psicosociais. Como proceder axeitadamente en cada unha delas.
- Coñecer e pór en práctica dende un enfoque multidisciplinar as principais técnicas de intervención educativa e social para as persoas con necesidades educativas especiais, con especial incidencia no campo da educación física.
- Establecer programas de actividade física e deportes, co fin de aplicar os criterios de adaptación que faciliten a participación efectiva das persoas con discapacidade.
- Planificar e aplicar sesións de actividade física adaptada: preparación, desenvolvemento, participación e elaboración de memoria da sesión.
- Aplicar os fundamentos teóricos experimentados ao longo dos distintos módulos do ciclo, a dinamización das sesións de actividade física, favorecendo as relacións persoais e fomentando actitudes e hábitos saudables.

4. SECUENCIACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS PARA ESTE MÓDULO

- Coñecer e respectar a lexislación vixente aplicable a espazos deportivos, co fin de evitar riscos, coñecer os especiais riscos das persoas con deficiencias e as características particulares de cada unha nos seus distintos graos.
- Programar, organizar, dirixir e levar a cabo actividades físico-deportivas enfocadas á integración das persoas con dificultades, empregando a metodoloxía axeitada ás características particulares de cada discapacidade.
- Profundar no coñecemento das características psicoafectivas dos discapacitados nos aspectos que teñen que ver coa comunicación interpersonal e social.
- Afondar no descoñecido mundo das dificultades perceptivas dos discapacitados sensoriais.
- Analizar e mellorar as propias habilidades técnicas co fin de facilitar a aprendizaxe por imitación de certos discapacitados con dificultades de comprensión verbal.
- Descubrir a capacidade propia para o desenvolvemento da empatía.

5. BLOQUES DE CONTIDOS

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Control da hixiene e coidado específico das secuelas.
- Experimentación, manexo e mantemento do material protésico e ortésico.
- Simulación das transferencias: mobilidade e transporte das persoas con discapacidades.
- Organización de actividades físicas institucionalizadas e non institucionalizadas.
 - Tramitación da documentación específica.
 - Analizar as posibilidades de participación en cada actividade ou modalidade incluída no currículo dos técnicos de actividades físicas e deportivas.
 - Identificación de deportes, actividades físico-recreativas e xogos adaptados a cada minusvalía.

- Manexo dos equipamentos e materiais necesarios e das axudas técnicas requiridas en cada situación.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- As discapacidades: Concepto e tipos de discapacidades. Clasificacións médico-deportivas.
- Integración e normalización:
 - Concepto e terminoloxía. Filosofía. Evolución histórica do deporte adaptado.
 - Beneficios físicos, psicolóxicos e sociais da actividade física en persoas con discapacidades. Xogos sensibilizadores, integradores e específicos.
- Nocións médico-sanitarias da actividade física adaptada. Adaptación ao esforzo e contraindicacións. Lesións
 - Barreiras arquitectónicas. Lexislación estatal e autonómica. As clases de barreiras físicas. Modificacións arquitectónicas e funcionalidade dos espazos.
 - Organismos e entidades de ámbito autonómico, nacional e internacional.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Rigor nas pautas para a optimización das relacións interpersoais.
- Valoración das características psicoafectivas das persoas con discapacidades e potenciación da súa autonomía.
- Colaboración nas axudas requiridas polas persoas con discapacidades e potenciación da súa autonomía.
- Sensibilidade á hora de establecer consignas e explicacións.

6. PARTES DO MÓDULO

Unidade didáctica 1.

CONCEPTOS E HISTORIA DA DISCAPACIDADE

RESULTADOS DA APRENDIZAXE

Ao remate desta unidade, o alumno :

- Analiza os conceptos de *deficiencia*, *discapacidade* e *minusvalía* e a súa aplicación no ámbito da actividade física.
- Identifica os distintos papeis que desempeñaron na sociedade os discapacitados, segundo o contexto histórico.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Formular con claridade os conceptos básicos do estudo das discapacidades.
- Relacionar o papel social do discapacitado co contexto histórico.
- Contrastar o papel teórico da humanidade fronte á discapacidade coa realidade.

CONTIDOS

- A actividade física e o deporte ao servizo das persoas con discapacidade.
- A discapacidade ao longo da historia. Papel da Igrexa cos discapacitados.
- Aproximación terminolóxica: deficiencia, discapacidade, minusvalía.
- Taxonomías das minusvalías. Necesidades educativas especiais.
- O papel das guerras no desenvolvemento do estudo científico da discapacidade.

TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade terá una duración de 8 horas, das cales 3 serán de exposición teórica do profesor e 4 dedicadas á exposición de traballos realizados por grupos de tres alumnos sobre distintos temas relacionados co papel social do discapacitado en distintos tramos da historia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno demostrou o coñecemento claro dos conceptos de *discapacidade*, *deficiencia* e *minusvalía*.

O alumno identificou cada unha das taxonomías das minusvalías e o papel do discapacitado na sociedade en cada contexto histórico estudado.

O alumno identificou os Modelos de Prescendencia, Rehabilitador e Social según o contexto histórico social.

O alumno elaborou con claridade o traballo feito en grupo sobre a consideración social dos discapacitados no contexto histórico de que se trate.

ACTIVIDADES DE ENSINO APRENDIZAXE

- Exposición teórica de introdución á unidade, con incidencia nos conceptos básicos sinalados nos obxectivos.
- Elaboración por grupos de tres alumnos de tarefas relacionadas coa historia da discapacidade e presentada e discutida pola clase nunha presentación en que participen os tres alumnos.

MATERIAIS E RECURSOS

- Aula con ordenador e pantalla de proxección
- Os alumnos disporán de ordenadores no centro con acceso a internet

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Rexistro diario de presenza na clase e da actitude ante o traballo; anotación diaria da falta de puntualidade ás distintas actividades.
- Control, mediante ficha de valoración, dos distintos aspectos da calidade das presentacións feitas polos alumnos, claridade expositiva, coñecemento do tema exposto, facilidade comunicativa.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Exame en forma de test dos contidos teóricos da unidade.

Valoración do profesor do traballo exposto, e valoración dos alumnos da exposición dos compañeiros coa posta en común dos resultados con toda a clase.

Unidade didáctica 2.

TIPOS DE DISCAPACIDADE

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Ao remate desta unidade, os alumnos :

- Identifica os distintos tipos de discapacidades.
- Analiza os diversos graos de discapacidade.
- Ilustra con facilidade as distintas síndromes de discapacidade psíquica.
- Formula as deficiencias que provocan as discapacidades sensoriais.
- Describe as minusvalías provocadas polas discapacidades físicas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Describir as diferenzas entre os distintos tipos de discapacidade.
- Recoñecer as características dos distintos tipos de discapacitados psíquicos.
- Distinguir as dificultades motoras dos discapacitados físicos.

CONTIDOS

- Definición, características e limitacións das discapacidades psíquicas.
- Deficiencias orgánicas que producen as discapacidades auditivas.
- Bases biolóxicas das deficiencias visuais.
- Estudo da valoración dos graos de discapacidade psíquica.
- Síndrome de Down e outras cromosomopatías.

TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade terá unha duración de 10 horas, distribuídas da seguinte forma: os contidos teóricos repartiranse en dúas clases dunha hora de duración e as 6 horas restantes dedicaranse á práctica expositiva dos contidos repartidos por grupos, cunha duración de 20 minutos por grupo, outros 20 minutos de discusión de cada unha das presentacións e 10 minutos de avaliación conxunta.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- alumno demostrou o coñecemento dos contidos presentados nas clases teóricas correspondentes á unidade; identifica os distintos tipos de discapacidade
- alumno identificou as características da discapacidade sensorial.
- alumno identificou as características da discapacidade psíquica.
- alumno identificou os distintos niveis de discapacidade motora..
- alumno demostrou capacidade para construír unha presentación en Powerpoint sobre o tema que corresponda, así como presentar a súa exposición con claridade.

ACTIVIDADES DE ENSINO APRENDIZAXE

- Exposición teórica dos contidos recollidos nesta unidade con apoio de medios audiovisuais, como vídeos.
- Elaboración e exposición por parte dos alumnos, con apoio dun Powerpoint, dos contidos relativos ás discapacidades psíquicas, sensoriais e físicas que lle corresponda a cada grupo de tres alumnos.

MATERIAIS E RECURSOS

- Aula con medios informáticos e pantalla de proxección.

- Aulas de apoio con ordenadores a libre disposición do alumnado, bibliografía e documentación facilitada polo profesor para preparar a presentación.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Rexistro diario da presenza na clase e da actitude ante o traballo; anotación diaria da falta de puntualidade nas distintas actividades que se realicen.
- Rexistro diario da participación activa na discusión das presentacións.
- Control mediante ficha de valoración dos distintos aspectos da calidade das presentacións dos alumnos: claridade expositiva, coñecemento do tema exposto, facilidade comunicativa...

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Exame test dos contidos teóricos e valoración conxunta das exposicións sobre o traballo práctico.

Unidade didáctica 3.

CARACTERÍSTICAS PSICOAFECTIVAS DOS DISCAPACITADOS

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Ao remate desta unidade, o alumnado:

- Contrasta as características dos distintos tipos de discapacidade dende o punto de vista psicoafectivo.
- Sinala os aspectos singulares que se han considerar na animación e dirección de traballo físico con discapacitados.
- Identifica as dificultades de comunicación, tanto de orixe cognitiva como psicoemocional, evitando da sobreprotección, principal inimigo da integración.
- Prevé os distintos riscos e pór as medidas de seguridade oportunas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Recoñecer a necesidade dos discapacitados de seren quen de desenvolverse en por si e mellorar a súa relación social e comunicación.
- Coñecer e pór en práctica as principais estratexias de intervención educativa e social para as persoas con necesidades educativas especiais.
- Analizar as dificultades no ensino actual para a total integración das persoas con discapacidades, e formular alternativas.
- Identificar os riscos físicos e pór as medidas de seguridade preventivas

CONTIDOS

- Lexislación vixente en materia de discapacidade: sistema de protección integral das persoas con discapacidade.
- Metodoloxía nunha educación inclusiva para persoas discapacitadas.
- Medidas de seguridade pasivas e activas no traballo físico con discapacitados.
- Dificultades sociolaborais das persoas con discapacidade.

TEMPORALIZACIÓN

A duración desta unidade será de 6 horas, distribuídas en seis clases teórico-prácticas e 2 horas en talleres de intervención na práctica metodolóxica da animación físico-deportiva en discapacitados. Realizarase unha visita a Down Compostela de 2 horas de duración.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- . Identificáronse as dificultades perceptivas da discapacidade sensorial.
- . Identificáronse os distintos tipos de socialización dos discapacitados.
- . Analizouse a dificultade de desprazamento dos discapacitados motores.
- . Identificouse a metodoloxía de traballo con discapacitados

ACTIVIDADES DE ENSINO APRENDIZAXE

- Exposición teórica dos contidos desta unidade con apoio de medios audiovisuais, internet e vídeos.
- Preparación da visita a Down Compostela, con taller de coñecemento de discapacitados con síndrome de Down.
- Visita a ASPAS en Santiago de Compostela.
- Traballo individual escrito sobre a visita realizada.

MATERIAIS E RECURSOS

- Exposición teórica impartida pola persoa responsable de Down Compostela.
- Aula con medios informáticos e pantalla de proxección.
- Aulas de apoio con ordenadores a libre disposición do alumnado, bibliografía e documentación facilitada polo profesor.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Rexistro diario da asistencia á clase e da actitude ante o traballo; anotación diaria da falta de puntualidade nas distintas actividades.
- Rexistro diario da participación nas actividades propostas.
- Control, mediante ficha de valoración, dos distintos aspectos recollidos durante a visita a Down Compostela.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Exame dun caso práctico con realización de valoración persoal dun vídeo sobre a integración sociolaboral dos discapacitados con síndrome de Down.

Unidade didáctica 4.

BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E ACCESIBILIDADE

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Ao remate desta Unidade o alumno :

- Define o concepto de «barreira arquitectónica» e o que representa.
- Coñece os distintos tipos de barreiras.
- Descubre na realidade social do contorno as dificultades que as barreiras crean.
- Conclúe de que xeito se poderían paliar as dificultades creadas polas barreiras.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Identificar as leis que regulan as barreiras arquitectónicas no Estado español e a súa aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Analizar as dificultades especiais que ofrecen as barreiras invisibles.

CONTIDOS

- A Constitución e as barreiras arquitectónicas.
- As leis de 1980, a lei en 1993 e a súa aplicación na autonomía galega.
- As barreiras no medio onde vives. Barreiras urbanísticas, arquitectónicas e de transporte.
- As barreiras e a comunicación.

TEMPORALIZACIÓN

Duración da unidade : 8 horas.

Exposición do profesor sobre a forma de abordar a unidade: 1 hora.

Traballo de investigación de duración indefinida por parte dos alumnos, co obxectivo de descubriren o mundo das barreiras no ámbito social en que se desenvolven.

Exposición do traballo de investigación: 7 horas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Analizáronse as distintas leis que regulan a accesibilidade.

Identificáronse as barreiras urbanísticas, arquitectónicas e de comunicación que atopou na súa cidade, no seu barrio, na súa casa.

Descríbironse mediante presentación os distintos tipos de barreiras

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

- Exposición teórica de introdución á unidade, información e repartición de tarefas no traballo de investigación sobre a identificación das barreiras que nos rodean.
- Desenvolvemento dun traballo de rúa, por grupos, sobre os distintos tipos de barreiras na cidade: urbanísticas, de acceso a edificios públicos, de acceso ao traballo, de acceso ao ocio, de comunicación, de acceso aos medios de transporte por estrada, aéreo e ferrocarril.
- Exposición con documentación fotográfica e videográfica das dificultades atopadas e do resultado. Entrevistas, etc.
- Discusión sobre os traballos presentados, a produción, realización, a forma de expoñelo e o contido.

MATERIAIS E RECURSOS

- Medios para desprazamentos aos distintos lugares da cidade.
- Cámara de fotografía e vídeo. Mesa de montaxe de son.
- Aula con ordenador e pantalla de proxección.
- Os alumnos disporán do ordenadores no centro con acceso a Internet.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Rexistro diario de asistencia e participación en todas as actividades.
- Valoración do traballo de campo desenvolvido, tendo en conta o grao de dificultade.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación conxunta da clase dos distintos tipos de proposta na forma de tratar a accesibilidade na cidade.

Valoración do profesor da calidade mínima esixida no traballo de campo.

Unidade didáctica 5:

BASES PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS PARA DISCAPACITADOS

RESULTADOS DA APRENDIZAXE

Ao remate desta unidade o alumno :

- Elabora unha programación para discapacitados con obxectivos, contidos, actividades de ensino-aprendizaxe e avaliación.
- Coñece e desenvolve a metodoloxía máis axeitada segundo o tipo e grao de discapacidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Identificar as dificultades que presenta a aprendizaxe dende o punto de vista do equilibrio psicolóxico.
- Facilitar o desenvolvemento da autonomía e a toma de decisións do discapacitado
- Definir as distintas estratexias que respondan ás necesidades individuais dos discapacitados cos que traballas.

CONTIDOS

- Adaptación da actividade física ao individuo.
- Adaptación nas relacións persoais profesor-alumno e alumno-alumno.
- Adaptación e organización dos elementos materiais.
- Adaptación metodolóxica e das actividades de ensino-aprendizaxe

TEMPORALIZACIÓN

Duración da unidade: 6 horas.

Traballo práctico de resolución de supostos de programacións: 4 horas.

Clase teórica impartida polo profesor sobre distintas formas de acometer a elaboración dunha programación adaptada.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Demostrouse a capacidade para programar actividades físicas para distintas discapacidades.

Demostrouse o coñecemento das metodoloxías que se han empregar en cada caso.

Demostrouse capacidade para deseñar actividades diferentes cun mesmo obxectivo.

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

- Exposición teórica dos contidos da unidade e da dificultade que presentan.

- Resolución na aula de supostos de programación nos que se concreten actividades, tendo en conta as adaptacións necesarias para practicárenas persoas con discapacidade.
- Vision de vídeos sobre distintas formas de afrontar o traballo práctico con discapacitados psíquicos e sensoriais.
- Visita aos talleres de ASPAS en Santiago e, como parte da visita, presenciar e analizar individualmente por escrito unha clase de capoeira para discapacitados psíquicos profundos.

MATERIAIS E RECURSOS

- Vídeos facilitados pola ONCE e documentais sobre as principais características das limitacións motoras de discapacitados con autismo.
- Aula con internet e canón de proxección; os alumnos dispoñen de ordenadores no centro.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Rexistro diario de asistencia e participación en todas as actividades.
- Valoración do traballo de campo nas visitas, e o material de supostos prácticos de programación adaptadas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliación conxunta dos distintos tipos de propostas na forma de acometer unha programación adaptada para discapacitados.
- Valoración das propostas metodolóxicas e da capacidade de adaptación ás circunstancias.

Unidade didáctica 6:

PRAXE DA ACTIVIDADE FÍSICA ADAPTADA

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Ao remate desta unidade os alumno:

- Leva a cabo unha sesión práctica con discapacitados, empregando a metodoloxía axeitada.
- Realiza unha sesión práctica de animación e exercicio cumprindo os obxectivos formulados para a sesión.
- Tira rendemento dos medios materiais e humanos para cumprir co programado para a sesión.

- Analiza nunha sesión conxunta de avaliación os aspectos positivos e negativos da sesión.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Diseñar unha sesión segundo uns obxectivos concretos, empregando a metodoloxía correcta.
- Planificar a estrutura da sesión atendendo a unha distribución dinámica das actividades que se van realizar
- Analizar de maneira obxectiva o traballo realizado polos compañeiros e tamén o propio.

CONTIDOS

- Deseño dunha sesión tipo dende distintos enfoques metodolóxicos.
- Busca de alternativas creativas que cumpran os obxectivos.
- Aproveitamento dos medios, do espazo e do tempo.

TEMPORALIZACIÓN

Duración desta unidade: 20 horas

Unha sesión teórica do profesor: 2 horas

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Demostrouse ser capaz de ter un comportamento axeitado á personalidade dos discapacitados, para que os seus compañeiros desenvolvan a clase práctica con Identificáronse as pautas metodolóxicas axeitadas para o tipo de discapacidade que se trate.

Demostrouse ser quen de , organizar e xestionar unha sesión práctica con alumnos discapacitados, cumprindo os obxectivos previstos.

Valorouse a capacidade de análise crítica na avaliación conxunta despois de cada sesión deseñada polos compañeiros.

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

- Exposición teórica dos contidos da unidade, con repartición de tarefas en grupos por obxectivos.
- Exposición das posibles fórmulas metodolóxicas, segundo as diversas estruturas de sesión.
- Desenvolvemento do deseño da sesión por grupos fóra do horario de clase coa supervisión do profesor.
- Clase práctica dirixida polos alumnos «docentes» con alumnos que se meten no papel de discapacitados.

MATERIAIS E RECURSOS

- Aula de clase teórica e aula de práctica con todo o material que precisan.
- Propoñemos sempre moita creatividade e a utilización de materiais alternativos aos típicos da educación física, empregados en caracterizacións, etc.
- Equipos de son, indispensables para crear ambientes suxestivos que sorprendan os alumnos discapacitados.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Rexistro do grao de implicación no traballo práctico.
- Avaliación de conxunto ao remate de cada clase, coa participación aberta de todos, buscando o espírito crítico e o reforzo na aprendizaxe, tendo en conta a dificultado da formulación proposta.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Valoración de cada grupo sobre o traballo realizado polos compañeiros con cualificación de 0 a 10, que supón o 50 % do total; o resto é a valoración do profesor.

Unidade

7

XOGOS E DEPORTES PARA DISCAPACITADOS

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Ao remate desta unidade, os alumnos :

- Identifican os distintos deportes practicados polos discapacitados no ámbito local, autonómico, nacional e internacional.
- Coñecen os distintos niveis competitivos e as valoracións médico-sanitarias para competir entre iguais.
- Indican cales son os distintos deportes adaptados para cada discapacidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Formular con claridade as distintas opcións deportivas para cada discapacidade.
- Descubrir novas adaptacións de deportes coñecidos para discapacitados visuais.

CONTIDOS

- O deporte de competición para discapacitados.
- A clasificación dos grupos de discapacitados para competir entre iguais.
- Alternativas adaptadas de deportes non regulados

TEMPORALIZACIÓN

Duración da unidade: 8 horas.

Unha clase teórica na aula: 1 hora.

Vídeos : 1 hora.

Demostración de especialista da ONCE en *goalball*: 3 horas

Talleres prácticos por grupos: 4 horas

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Analizouse con claridade o estado do deporte para discapacitados no ámbito comarcal e autonómico.

Descríronse con precisión as características dos principais deportes adaptados olímpicos.

Identificáronse os criterios básicos médico-sanitarios que agrupan os discapacitados en categorías para competiren entre iguais.

ACTIVIDADES DE ENSINO APRENDIZAXE

- Exposición teórica dos contidos da unidade e da dificultade que presentan.
- Posta en práctica de distintas actividades deportivas para discapacitados sensoriais, adaptando espazos e regulamento.
- Vídeos sobre distintas formas de afrontar o traballo práctico en deportes de competición con discapacitados psíquicos e sensoriais.

MATERIAIS E RECURSOS

- Aula con medios informáticos e pantalla de proxección.
- Aulas de apoio con ordenadores, con libre disposición de uso por parte do alumnado; bibliografía e documentación facilitada polo profesor para levar a cabo a investigación en deportes de competición.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Rexistro diario de asistencia, participación e produción de traballos de investigación sobre deportes de competición para discapacitados.
- Avaliación do coñecemento teórico sobre as características da valoración médico-sanitaria de clasificación de discapacitados.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Libríño de rexistro de asistencia e valoración de actividades.
- Exame test sobre os aspectos teóricos da unidade.
- Valoración da práctica do deporte adaptado de competición.

7. AVALIACIÓN INICIAL

As directrices que se seguirán nesta avaliación inicial tentarán darnos unha idea do grao de coñecemento dos alumnos do módulo, do que significa ser discapacitados nesta sociedade.

Realizaremos un test inicial sobre os conceptos máis sinxelos que se estudarán neste módulo, ademais dun cuestionario sobre distintos aspectos sociais da discapacidade.

Avaliarase o grao de coñecemento das barreiras físicas e invisibles, e o grao de experiencia no ámbito da actividade física con discapacitados.

O estudo deste Módulo precisa dunha boa base en coñecementos das ciencias que estudan o corpo como elemento psicosocial, a súa función e as principais disfuncións que poidan crear deficiencias e discapacidade. Como queira que unha parte dos alumnos que inician o ciclo proceden de bacharelatos con poucas horas en estes aspectos básicos, é imprescindible observar cal é o punto de partida para acadar os obxectivos do Módulo. Para recoller información sobre os estudos formais do alumno e a participación en cursos, cursiños ou outras actividades que teñan que ver co ciclo ou co Módulo, ou mesmo a experiencia propia como deportista ou como monitor-adestrador ou outro tipo de actividades relacionadas co Ciclo, realizaremos un cuestionario ou tarxeta informativa persoal onde se recolla toda a información sociofamiliar, hábitos e afeccións, se o alumno practica deporte ou actividade física por afección ou se é profesional do deporte.

CUESTIONARIO INICIAL. Os indicadores deste cuestionario son: datos persoais e familiares, nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes.

CUESTIONARIO DE COÑECEMENTOS PREVIOS. Baseado nos contidos do módulo e nos contidos do ciclo.

Reunión de todo o profesorado do ciclo, levantarase acta de avaliación, co fin de proporcionar información pertinente sobre a situación do grupo de alumnos/as que están a iniciar esta etapa do seu proceso formativo, e , de axustar, desde un principio, a actuación educativa as necesidades do grupo.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

MÍNIMOS ESIXIBLES

UD1: A discapacidade o longo da historia. Conceptos.

CA1.1. Identificáronse con claridade os conceptos de minusvalía, discapacidade e deficiencia.

CA1.2. Identificáronse cada unha das taxonomías das minusvalías .

CA1.3. Analizáronse os Modelos de Prescendencia, Rehabilitador e Social.

CA1.4. Describíronse mediante unha exposición pública o traballo realizado en grupo sobre os Modelos e o seu contexto histórico.

UD2: Tipos de discapacidade.

CA2.1. Describíronse e identificáronse as principais características da discapacidade sensorial.

CA2.2. Identificáronse as características da discapacidade psíquica.

CA2.3. Identificáronse as características da discapacidade motora.

CA2.4. Describíronse con claridade mediante unha presentación Power point os principais elementos dos distintos tipos de discapacidades.

UD3: As características psicoafectivas da discapacidade.

CA3.1. Identificáronse as dificultades perceptivas da discapacidade sensorial.

CA3.2. Identificáronse os distintos tipos de socialización dos discapacitados.

CA3.3. Analizouse a dificultade de desprazamento dos discapacitados motores.

CA3.4. Identificouse a metodoloxía de traballo con discapacitados.

UD4: As barreiras arquitectónicas

CA4.1. Analizáronse as distintas leis que regulan a accesibilidade.

CA4.2. Identificáronse as barreiras urbanísticas, arquitectónicas e de comunicación que atopou na súa cidade, no seu barrio, na súa casa.

CA4.3. Describíronse mediante presentación os distintos tipos de barreiras

UD5: Programación de actividades físicas para discapacitados.

CA5.1. Demostrouse a capacidade para programar actividades físicas para distintas discapacidades.

CA5.2. Demostrouse o coñecemento das metodoloxías que se han empregar en cada caso.

CA5.3. Demostrouse capacidade para deseñar actividades diferentes cun mesmo obxectivo.

UD6: Praxe da actividade física adaptada

CA6.1. Demostrouse ser capaz de ter un comportamento axeitado á personalidade dos discapacitados, para que os seus compañeiros desenvolvan a clase práctica

CA6.2. Identificáronse as pautas metodolóxicas axeitadas para o tipo de discapacidade que se trate.

CA6.3. Demostrouse ser quen de organizar e xestionar unha sesión práctica con alumnos discapacitados, cumprindo os obxectivos previstos.

CA6.4. Valorouse a capacidade de análise crítica na avaliación conxunta despois de cada sesión deseñada polos compañeiros.

UD7: Xogos e deportes para discapacitados.

CA7.1. Analizouse con claridade o estado do deporte para discapacitados no ámbito comarcal e autonómico.

CA7.2.Describíronse con precisión as características dos principais deportes adaptados olímpicos.

CA7.3.Identificáronse os criterios básicos médico-sanitarios que agrupan os discapacitados en categorías para competiren entre iguais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para poder superar o módulo, o alumno deberá:

- Coñecer os contidos da unidade 1 e acadar unha nota superior a 4 no exame test correspondente; coñecer a historia da discapacidade.
- Ser capaz de definir os diversos tipos de discapacidade e acadar como mínimo un 4 no test correspondente á unidade 2.
- Acadar un 4 no exame do caso práctico correspondente á unidade 3, demostrando coñecer as características psicoafectivas dos discapacitados.
- Ser quen de elaborar e presentar un traballo de campo sobre as barreiras arquitectónicas na cidade de Santiago, segundo o establecido na unidade 4, e superar esta proba cunha nota superior a 4.
- Propoñer, segundo os criterios da unidade 5, unha programación de traballo físico adaptado, e superar esta proba cunha nota superior a 4.
- Ser capaz de programar e poñer en práctica unha sesión cun obxectivo concreto proposto polo profesor, empregando a metodoloxía axeitada. Deberá obter unha nota superior a 5.
- Superar cunha nota superior a 5 o exame test da unidade 7, no que demostrará coñecemento dos deportes de competición para discapacitados.

É indispensable a asistencia a clase, polo que se descontarán en cada avaliación 0,5 puntos por cada falta do trimestre que supere as 3. A participación, a motivación, o querer facer, é dicir a parte **actitudinal**, terase en conta nun 25 % da nota final.

Os exames test e outras probas teóricas supoñen outro 35 % da nota final.

Os traballos prácticos, en forma de presentacións ou de sesións de traballo físico, simulacións, etc., supoñerán un 40 % da nota final.

9.FALTAS DE ASISTENCIA E PERDIDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA

Segundo a Orde de 12 de xullo de 2011, o profesor levará o control no seu caderno e rexistrará no programa de xestión todas as faltas do alumnado, que serán introducidas, como mínimo semanalmente.

Cando un alumno/a se reincorpore despois dunha ausencia pode presentar un xustificante ao profesor. Cada profesor asinará no reverso do dito xustificante dándose por informado. O xustificante entregárase ao titor/a para a súa custodia.

O profesor, de acordo co establecido na normativa vixente, rexistrará todas as faltas do alumnado, xustificadas e sen xustificar, de tal xeito que o máximo que pode acadar calquera alumno/a será dun 10% sen xustificación máis un máximo dun 5% con xustificación. As xustificacións serán sempre documentais empregando un impreso deseñado polo departamento. Neste cupo do 5% a maiores poderán incluírse tamén aquelas faltas por participar nunha xornada de inasistencia ás clases como medida de protesta colectiva. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

A comunicación da situación do número de faltas será responsabilidade do titor ou titora, que o fará por escrito, sendo obrigatorio o apercibimento previo cando acaden un 6% de faltas respecto da duración total do módulo, tal e como contempla a lexislación vixente.

Estes alumnos ou alumnas non perden obrigatoriamente o seu dereito de asistencia a clase, aínda que o profesor poderá non permitir a realización das actividades que estime oportunas.

O alumnado que perde o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde de 12 de xullo de 2011.

Logo de iniciadas as actividades lectivas,(segundo o artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011) o centro realizará a baixa de oficio da matrícula cando un alumno ou unha alumna non asistan inxustificadamente á clase durante o resto do curso académico de xeito continuado por un período superior a 15 días lectivos ou, de xeito descontinuo por un período superior a 25 días lectivos. Para tales efectos deberá quedar constancia na secretaría do centro da comunicación o alumno ou alumna desta circunstancia administrativa.

10. MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO E PLAN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

A formulación didáctica deste módulo debe ter unha fonda vocación práctica. Os alumnos con dificultades para superar os contidos teóricos dispoñen dunha segunda oportunidade nun exame de recuperación para cada unidade. Os aspectos prácticos non aprobados serán repetidos con guía titorial do profesor.

11. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Propoñemos ofrecer ao alumno diferentes actividades de ensino-aprendizaxe que lles axuden a construír o seu propio coñecemento. As experiencias prácticas deben consolidar os procesos dedutivos, e as conclusións que se acaden nas prácticas clarificarán os contidos do bloque teórico. Procuraremos a implicación e participación do alumnado como parte activa do proceso, dende a busca da súa autonomía emancipadora, sobre todo nas sesións prácticas.

Pola natureza do modulo, estimularemos a sensibilización e implicación do alumnado fronte á discriminación social dos discapacitados, amparados na integración e nos valores da igualdade e da convivencia social cos que son diferentes.

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E EDUCACIÓN EN VALORES

Atender a diversidade debe ser un dos piares da actuación docente, no que os alumnos desempeñen un papel fundamental para acadar esa atención. É preciso o coñecemento das diferenzas entre os alumnos para se poder adaptar a esas diferenzas, que deberán coñecer e respectar os propios alumnos. Planificaremos o desenvolvemento de valores como o respecto, a solidariedade, a cooperación e

a tolerancia, tendo en conta as capacidades, os intereses e os ritmos de aprendizaxe diversos, así como diferenzas sociais: étnicas, relixiosas, lingüísticas, etc.

A singularidade deste módulo fai que se pretenda, lóxicamente, de xeito especial, fornecerlle ao alumno capacidades para programar, ensinar e dinamizar actividades físicas con distintos graos de discapacidades, dende unha perspectiva do coñecemento da desigualdade e de empregar en todo o proceso as ferramentas necesarias para loitar pola igualdade entre desiguais.

Prestaremos atención á integración a través de estratexias de posta en común das análises de situacións do día a día, con follas de valores, análise destes, dilemas morais, etc.

Asumir realmente a diversidade supón, por unha banda, relativizar as esixencias na aprendizaxe en función das posibilidades de cada alumno, e, por outra, valorar os resultados de aprendizaxe en termos tamén relativos, tendo máis en conta o progreso no camiño ca os resultados acadados.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na avaliación inicial do grao de coñecemento do mundo da discapacidade chegamos á conclusión de que, na realidade social en que vivimos, non temos unha percepción obxectiva da discriminación por ser distinto; descoñecemos a existencia desa discriminación e mesmo que unha porcentaxe importante da sociedade sofre diversos graos de discapacidade.

Programamos actividades de achegamento e coñecemento de diversos tipos de discapacitados.

Visita a Down Compostela: un centro de día para persoas con síndrome de Down que viven na contorna de Santiago. A visita dura unhas dúas horas, e permítenos coñecer e interaccionar con persoas cunha discapacidade moi frecuente, e comprobar na práctica os perfís que estudamos na clase.

Visita a ASPAS, nas proximidades de Santiago, cunha duración de 3 horas. Trátase dun centro con capacidade para máis de douscentos discapacitados psíquicos con diversas deficiencias, que dispón de internado para uns trinta. Permítenos coñecer o nivel de autoxestión na convivencia, a aprendizaxe de habilidades con enfoque laboral na xardinería, imprenta e tipografía, cestería cerámica, etc. Completamos a visita cunha sesión de traballo físico no ximnasio do centro, e no que traballan algúns ex-alumnos deste ciclo.

Visita do especialista da ONCE encargado do deporte no ámbito autonómico. Lévese a cabo unha sesión de 3 horas de duración de aproximación ao *goalball*,

coa montaxe da infraestrutura para realizar ese deporte, e a experimentación das dificultades técnico-tácticas, da seguridade co que se debe desenvolver.

14. AUTOAVALIACIÓN

Propoñemos un modelo de autoavaliación que conteña os principais parámetros que miden o grao de calidade das tarefas docentes. O obxectivo é comprobar se se alcanzaron os mínimos programados, detectar problemas e mellorar as posibles deficiencias observadas.

- Grao de cumprimento da programación, especialmente referido a temporalización e contidos mínimos.
- Grao de aplicación de avaliación continua.
- Análise das causas que puideron incidir positiva ou negativamente nos resultados.
- Valoración do grao de eficacia das actividades de recuperación.
- Valoración do cuestionario sobre o grao de satisfacción do alumnado co módulo e co ciclo

15. MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

Na memoria do pasado curso non se recolle ningua proposta novedosa ni modificación, por ter acadado plenamente os obxectivos do Módulo.